# Como usar a plataforma

## Páxina de busca

Pódense localizar as normas empregando catro métodos diferentes:

- Estándares
- Coleccións
- Código ICS
- Último




- **Busca por Estándares**

Na caixa de busca pódese introducir o **número do documento** ou ben o **título o unha palabra clave**.




Tamén se pode buscar ou refinar a busca por palabra clave aplicando unha serie de filtros:

- Nome do editor
- Estado
- País
- Conxunto de datos (só dispoñible se a subscrición permite o acceso a *My Document*)
- Busca nas referencias cruzadas: para atopar normas que se relacionen coa que se introduce na caixa de busca



- ## Busca por Código ICS

Permite buscar polo Código ICS directamente: hai que premer en *Enter ICS code* e introducir o código na caixa de busca. Tamén é posible buscar por categoría, grupo e subgrupo. A busca pódese limitar por editor, estado do documento e país.




- ## Busca por Último

Ofrece os últimos estándares incluídos na base de datos. Pódese filtrar por documentos novos ou modificados ou seleccionar o rango de datas de subida ao portal.




## Páxina de resultados

Dentro da busca por palabra clave, os resultados poden filtrarse polo nome do editor, polo estado, polo país, polo idioma ou polo ano da norma.



Pola súa banda, se se busca por Código ICS, os filtros que se poden aplicar aos resultados son: categoría, grupo, subgrupo, editor, estado e país.

Os resultados poden ordenarse por relevancia ou por orde alfabética. Tamén se pode gardar a busca (as buscas gardadas aparecen na parte inferior da páxina de busca da plataforma) ou exportar os rexistros seleccionados a un arquivo con formato CSV.




## Páxina da norma

Na páxina de visualización de cada norma ofrécese información básica sobre a mesma, como o código, o título o editor, etc. Tamén pode aparecer un breve resumo do contido. Outras opcións son:

- Detalles do produto: información máis específica sobre a norma (país, comité, número de páxinas, código ICS, índice de contido, etc.).
- Equivalencias: listaxe, se existe, doutras normas equivalentes.
- Substitucións: (*supersitions*) relación de normas que a substituíron, de darse o caso.
- Referencia cruzada: listaxe doutras normas coas que garda algún tipo de relación.
- Máis información: datas de creación, actualización e ID do documento.

Regresar a los resultados de búsqueda

# BS EN 116500

Withdrawn

Harmonized System Of Quality Assessment For Electronic Components - Sectional Specification - Electromechanical All-or-nothing Telecom Relays Of Assessed Quality

| | |
|---|---|
| **Editor** | BSI - BRITISH STANDARDS INSTITUTION |
| **Lenguaje(s)** | inglés |
| **Latest Version** | BS EN 116500 : 1996 |

**Summary:**

Applies to electromechanical all-or-nothing relays of assessed quality.

**Detalles del producto**

**Equivalencias (2)**

**Supersitions**

**Referencia cruzada**

**Más información**